

Outro cadro de C. Sobrino sobre a Romaría de Darbo

Xerardo Dasairas

O pasado ano celebrabamos con satisfacción, a localización dunha pintura de Carlos Sobrino sobre a Romaría de Darbo. E esa ledicia, polo achado e polo cadro, quixemos compartila con todos, reproducíndo a pintura na portada do libro das festas a que consideramos que é a imaxe máis antiga que temos da nosa tradicional e, ao que se ve, xa de moita sona, Romaría de Darbo.



Esta segunda imaxe segue a reproducir con moita luz e cor, o ambiente da romaría co estilo natural e realista propio deste pintor.

Através destes cadros podemos apre-

ciar o ambiente da romaría e sobretudo a riqueza de tipos humanos e as súas vestimentas, feito este que aporta un importante plus etnográfico sobre o tema do traxe típico galego da zona. A temática, aínda que aparentemente semellante, céntrase, esta vez, na disposición ao xantar ou merenda, entanto que na do ano pasado, predominaba o aspecto relixioso cos ofrecidos e a alusión á música a través do gaitero e os seus acompañantes con bombo e tamboril.

Coidamos que esta nova pintura corresponde a unha romaría posterior á reproducida o ano pasado pois as hedras xa medraron sobre o muro do camposanto e as árbores aparecen podadas cara a parte do cruceiro polo que o pintor estaría dous anos, ao menos, na nosa romaría. E se non hai dous sen tres como reflicte o dito popular, a ver se aparece un terceiro cadro para o ano que vén.

S
O
B
R
I
N
O
Z
-
R
O
M
A
R
Í
A
D
E
D
A
R
B
O